

## Concello de Viveiro



Dependencia  
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
62.- MOC

Documento

XUNZI0KX

Expediente

Fecha

04-12-15 14:12

Asunto

Acta de la sesión AYT/XGL/38/2015

27066DXUNZI0L3m



### ACTA DA XUNTA DE GOBERNO

#### ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DIA UN DE DECEMBRO DE DOUS MIL QUINCE

#### ASISTENTES:

D<sup>a</sup>. MARIA LOUREIRO GARCIA  
D. JESUS ANTONIO FERNANDEZ CAL  
D<sup>a</sup>. MARIA ISABEL RODRIGUEZ LOPEZ  
D. JESUS FERNANDEZ FERNANDEZ  
D<sup>a</sup>. LARA FERNANDEZ FERNÁNDEZ-NORIEGA  
D. EMILIO VILLARMEA MENDEZ

#### AUSENCIAS:

Non houbo ausencias

#### INTERVENTOR (POR DELEGACIÓN):

D. SERGIO AGUADO DELICADO

#### SECRETARIA XERAL:

D<sup>a</sup>. MARÍA LUZ BALSA RÁBADE

Na Casa do Excmo. Concello de VIVEIRO, sendo as 17:00 do día 01 de decembro de 2015, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup>. María Loureiro García, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria Xeral, D<sup>a</sup>. María Luz Balsa Rábade, ten lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria.

Á hora sinalada para este acto polo Sra. Alcaldesa, declárase aberto o mesmo.

## Concello de Viveiro



*Dependencia*  
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
62.- MOC

*Documento*

XUNZI0KX

*Expediente*

*Fecha*

04-12-15 14:12

### **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 04-11-15 E 10-11-15.**

**A.-15.12.01/ACT.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 4 DE NOVIEMBRE DE 2015 E 10 DE NOVIEMBRE DE 2015.**

Non existindo ningunha obxección ó respecto procédese á aprobación das actas das sesións celebradas os días 4 de novembro de 2015 e 10 de novembro de 2015.

### **2.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DICTADAS POR AVOCACIÓN DE COMPETENCIAS.**

**A.-15.12.01/RES.- APROBACIÓN DE RESOLUCIÓNS.**

Por parte do Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup>. María Loureiro García, dáse conta das Resolucións feitas pola Alcaldía mediante a avocación de competencias delegadas na Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Darse por informada dos Decretos ditados pola Alcaldía por avocación de competencias, entendendo que en tódolos casos existía motivación suficiente da urxencia para a súa realización.

### **3.- LICENZAS DE OBRAS MENORES.**

**A.- URB/316/2015.- 34880093H CASAL BERDEAL, ROCIO**

Vista a solicitude de licenza presentada por D<sup>a</sup>. Rocío Casal Berdeal, con DNI 34880093H, e domicilio a efectos de notificación en Antonio Bas, 3, P3 G, Viveiro, para acondicionamento interior do local sito na rúa Pedro Farto, nº 8-baixo, en Viveiro, de referencia catastral 3456525PJ1335N0002FW para adicalo á actividade de zapatería. As actuacións a executar consisten na instalación de dous tabiques de pladur e un novo solado de tarima flotante, e pintura interior do local. No exterior procederáse á substitución da carpintería de madeira por un escaparate de vidro laminado e unha porta igualmente de vidro con carpintería oculta.

## Concello de Viveiro



Dependencia

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
62.- MOC

Documento

XUNZI0KX

Expediente

Fecha

04-12-15 14:12

Coa solicitude, o interesado achegou proxecto técnico asinado polo arquitecto técnico, D. Bernardo Fraga Galdo en setembro de 2015 e xustificante de ter aboados os tributos municipais correspondentes á licenza de obras.

Vista a Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, mediante a que se autorizan as obras solicitadas, cos condicionantes establecidos na referida autorización.

Visto o informe técnico favorable, emitido pola aparelladora da oficina de rehabilitación do casco histórico, co visto e prace do arquitecto municipal. No referido informe sinálase que segundo a solicitude presentada a obra que se pretende executar cumpre coa normativa urbanística, cumprindo así mesmo coa normativa técnica aplicable.

Visto o informe favorable emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, no que se sinala que:

- Consonte o disposto no artigo 194.2 da LOUGA, na redacción dada pola disposición transitoria terceira da Lei 19/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, estarán suxeitos a licenza municipal previa... *b) as intervencións en edificios declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos.* O inmovible sobre o que se pretende actuar atópase no catálogo do PEPRI do casco antigo de Viveiro, polo que as actuacións solicitadas han de tramitarse polo procedemento de licenza municipal.

Segundo o disposto no artigo 196.2 da LOUGA, cando a obra teña por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente esa circunstancia e, xunto coa comunicación previa ou solicitude de licenza de obra, no seu caso, poñeranse en coñecemento da administración municipal os datos identificativos e aportarase a documentación prevista no artigo 24 da Lei do emprendemento e da competitividade económica de Galicia

O artigo 24.2 da norma citada establece que, se para o desenvolvemento da actividade é precisa a realización dunha obra, a documentación indicada no parágrafo 1º dese artigo presentarase coa comunicación previa prevista na normativa urbanística ou coa solicitude de licenza de obra, se proceder. E logo de rematada a obra, presentarase comunicación previa para o inicio da actividade.

## Concello de Viveiro



*Dependencia*

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
62.- MOC

*Documento*

XUNZI0KX

*Expediente*

*Fecha*

04-12-15 14:12

A documentación acreditativa dos requisitos exixibles para o exercicio da actividade ou para o inicio da obra e instalación, á que se refire o parágrafo 1º do artigo 24 da Lei 9/9/2013, do emprendemento, é a seguinte:

- a) Memoria explicativa da actividade que se pretende realizar, coa manifestación expresa do cumprimento de todos os requisitos técnicos e administrativos.
- b) Xustificante de pagamento dos tributos municipais.
- c) Declaración de que se cumpren todos os requisitos para o exercicio da actividade e de que os locais e as instalacións reúnen as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no planeamento urbanístico.
- d) Proxecto e documentación técnica que resulte exixible segundo a natureza da actividade ou instalación.
- e) A autorización ou declaración ambiental que proceda.
- f) As autorizacións e os informes sectoriais que sexan preceptivos, xunto coa manifestación expresa de que se conta con todos os necesarios para o inicio da obra, instalación ou actividade.
- g) Se for o caso, o certificado, acta ou informe de conformidade emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal reguladas nesta lei.

Revisada a documentación achegada polo interesado para a solicitude de licenza de obra, considéranse suficientemente acreditados os seguintes extremos:

- Memoria explicativa da actividade e manifestación expresa do cumprimento dos requisitos para o exercicio da actividade e de que o local a as súas instalacións reúnen os requisitos de seguridade, salubridade e as demais previstas no planeamento urbanístico.
- O redactor do proxecto xustifica nos Anexos do proxecto que o local cumpre as especificacións do CTE en materia de seguridade e salubridade.
- Xustificante de pagamento das taxas de actividades suxeitas ao réxime de comunicación previa.

Non resultan esixibles os documentos indicados nas letras d), e), f) e g) dada a natureza da actividade proxectada.

- Respecto á adecuación das actuacións á lexislación e planeamento urbanísticos aplicables maniféstase que a ordenanza de aplicación ao solo urbano da zona antiga de Viveiro é a regulada no punto 1.3 do Anexo ao Decreto 102/2006, que remite, en canto a condicións de edificación e usos, ao documento do PEPRI da zona antiga aprobado definitivamente polo Pleno do Concello o 7 de agosto de 1997 (BOP de

## Concello de Viveiro



Dependencia

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
62.- MOC

Documento

XUNZI0KX

Expediente

Fecha

04-12-15 14:12

Lugo nº 233 do 10 de outubro, así como as súas modificacións puntuais aprobadas definitivamente en datas do 31 de xullo de 2003 e do 9 de setembro de 2003

O uso comercial proxectado é un uso admitido polo PEPRI do casco antigo, compatible co uso residencial. Segundo o informe técnico emitido ao expediente de licenza de obras as obras propostas cumpren coa normativa urbanística e técnica así como coa ordenanza de aplicación

- O inmovible sobre e que se pretende actuar atópase no contorno de protección do conxunto arquitectónico da Igrexa e Convento de San Francisco (elemento declarado BIC) polo que, de conformidade co disposto no punto 11 do Anexo do Decreto 102/2006, do 22 de xuño, as actuacións urbanísticas dentro das áreas de protección definidas nas letras a), b) e c) precisarán do informe previo da Comisión Provincial do Patrimonio, que terá carácter vinculante; segundo se indica no apartado segundo de antecedentes, consta no expediente o informe favorable nesta materia, que somete a autorización ao cumprimento das seguintes condicións:

- A carpintería do escaparate, aínda que oculta, será en madeira rematada con tratamento de poro aberto
- Calquera outra actuación que exceda da descrita precisará de autorización da Consellería de Cultura

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, e en base á proposta emitida pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, acorda:

Primeiro.- Outorgar a D<sup>a</sup>. Rocio Casal Berdeal, licenza municipal para obras de acondicionamento interior do local sito na rúa Pedro Farto, nº 8 baixo, en Viveiro, de referencia catastral 3456525PJ1335N0002FW para adicalo á actividade de zapatería, segundo o proxecto técnico asinado polo arquitecto técnico Bernardo Fraga Galdo en setembro de 2015, nas condicións fixadas na resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural ditada o 21 de outubro de 2015.

Segundo.- Con independencia das condicións xerais ás que se atopan suxeitas tódalas licenzas urbanísticas, a presente quedará sometida ao cumprimento das CONDICIÓNES PARTICULARES que de seguido se transcriben:

- Una vez rematadas as obras presentarase comunicación previa para o inicio da actividade.
- De xenerarse entullos, deberán ser trasladados a vertedoiro autorizado.
- Deberase solicitar autorización municipal para ocupación do dominio público, de ser necesaria.

## Concello de Viveiro



<i>Dependencia</i> XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL 62.- MOC		
<i>Documento</i> XUNZI0KX	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 04-12-15 14:12

Terceiro.- Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

Cuarto.- O prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados.

Quinto.- Dar traslado deste acordo ó Servizo de Urbanismo ós efectos de proceder á súa notificación ós interesados.

### **B.- URB/321/2015.- 12235394S SIMON SERRANO, MARIA CARMEN**

Vista a solicitude de licenza presentada por D<sup>a</sup>. María Carmen Simón Serrano, con DNI 12235394S, e domicilio a efectos de notificación en Avda. Nicolás Cora Montenegro, 51, P1E, Viveiro, para executar obras no inmovible de referencia catastral 3354503PJ1335S0004IS, sito na rúa N. Cora Montenegro, nº 51B- 1º E, en Viveiro, consistentes na substitución de cuarto de baño. O 18 de novembro ingresou os tributos municipais por ICIO, taxa de licenza de obras e sellos municipais

Vista a Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, mediante a que se autorizan as obras solicitadas, cos condicionantes establecidos na referida autorización.

Visto o informe técnico favorable, emitido pola aparelladora da oficina de rehabilitación do casco histórico, co visto e prace do arquitecto municipal. No referido informe sinálase que segundo a solicitude presentada a obra que se pretende executar cumpre coa normativa urbanística, cumprindo así mesmo coa normativa técnica aplicable.

Visto o informe favorable, emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, no que se sinala que:

## Concello de Viveiro



*Dependencia*  
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
62.- MOC

*Documento*

XUNZI0KX

*Expediente*

*Fecha*

04-12-15 14:12

- De conformidade co disposto no artigo 194.2, letra b) da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (en diante, LOUGA), na redacción dada polo numero 4 da Disposición final terceira da Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, as actuacións proxectadas atópanse suxeitas a licenza por tratarse de edificios incluídos no catálogo inventario do PEPRI. O procedemento de outorgamento de licenzas urbanísticas é o regulado no artigo 195 da LOUGA. Constan no expediente os informes preceptivos técnico e xurídico.

- Respecto á adecuación das actuacións á lexislación e planeamento urbanísticos aplicables maniféstase que a ordenanza de aplicación ao solo urbano da zona antiga de Viveiro é a regulada no punto 1.3 do Anexo ao Decreto 102/2006, que remite, en canto a condicións de edificación e usos, ao documento do PEPRI da zona antiga aprobado definitivamente polo Pleno do Concello o 7 de agosto de 1997 (BOP de Lugo nº 233 do 10 de outubro, así como as súas modificacións puntuais aprobadas definitivamente en datas do 31 de xullo de 2003 e do 9 de setembro de 2003. As actuacións propostas adecúanse á normativa urbanística e planeamento de aplicación.

- O inmovible sobre e que se pretende actuar atópase no contorno de protección da Porta do Valado (elemento declarado BIC) polo que, de conformidade co disposto no punto 11 do Anexo do Decreto 102/2006, do 22 de xuño, as actuacións urbanísticas dentro das áreas de protección definidas nas letras a), b) e c) precisarán do informe previo da Comisión Provincial do Patrimonio, que terá carácter vinculante; segundo se indica no apartado segundo de antecedentes, consta no expediente o informe favorable nesta materia.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, e en base á proposta emitida pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, acorda:

Primeiro.- Outorgar a D<sup>a</sup>. María del Carmen Simón Serrano, licenza urbanística para executar obras no inmovible de referencia catastral 3354503PJ1335S0004IS, sito na rúa N. Cora Montenegro, nº 51B- 1º E, en Viveiro, consistentes na substitución de cuarto de baño.

Segundo.- Con independencia das condicións xerais ás que se atopan suxeitas tódalas licenzas urbanísticas, a presente quedará sometida ao cumprimento das CONDICIÓNES PARTICULARES, establec que de seguido se transcriben:

## Concello de Viveiro



<i>Dependencia</i> XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL 62.- MOC		
<i>Documento</i> XUNZI0KX	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 04-12-15 14:12

- Os entullos xenerados na execución das obras deberán ser trasladados a vertedoiro autorizado.
- Deberase solicitar autorización municipal para ocupación do dominio público, de ser necesaria.

Terceiro.- Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

Cuarto.- O prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados.

Quinto.- Dar traslado deste acordo ó Servizo de Urbanismo ós efectos de proceder á súa notificación ós interesados.

#### **4.- EXPEDIENTES DE CONTRATACION**

##### **A.- XUN/110/2015.- B27227388 CARFERLO S.L. SOLICITANDO DEVOLUCION DE FIANZA DEPOSITADA PARA REALIZACION DE OBRAS DE “PLANTA DE TRATAMIENTO DE AUGAS RESIDUAIS PLUVIAIS DO PARQUE EMPRESARIAL DE LANDROVE”.**

Visto o escrito presentado en data 10 de novembro de 2015 por D. Carlos Fernández López, en representación de CARFERLO S.L., con CIF B27227388, e domicilio a efectos de notificación en Pol. Ind. Camba, parc, 56-57, Xove, mediante o que se manifesta que dita empresa executou as obras de “PLANTA DE TRATAMIENTO DE AUGAS RESIDUAIS PLUVIAIS DO PARQUE EMPRESARIAL DE LANDROVE”, rematando o prazo de garantía das mesmas polo que solicita a devolución da fianza.

Visto o informe emitido polo director da obra “PLANTA DE TRATAMIENTO DE AUGAS RESIDUAIS PLUVIAIS DO PARQUE EMPRESARIAL DE LANDROVE”, D.



## Concello de Viveiro



*Dependencia*  
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
62.- MOC

*Documento*

XUNZI0KX

*Expediente*

*Fecha*

04-12-15 14:12

Santiago Meitín Míguez, no que se sinala que segundo o establecido no artigo 102 do TRLCSP, trascurrido un ano dende a data de remate do contrato, sen que a recepción formal e liquidación tivesen lugar por causas non imputables ó contratista, procederáse sen máis demora á devolución ou cancelación das garantías, sempre que non se producisen as responsabilidades ás que se refire o artigo 100 de dita norma, manifestando que as prestacións obxecto do contrato cumpren as cláusulas e condicións técnicas da mesma.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Devolver á empresa Carferlo S.L., a garantía definitiva referente á obra "PLANTA DE TRATAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS PLUVIAIS DO PARQUE EMPRESARIAL DE LANDROVE".

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Tesourería para proceder a levar a efecto o acordado no punto primeiro.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Contratación para a súa notificación ós interesados, así como ós Departamentos de Intervención e Técnico de Recursos Económicos para o seu coñecemento e efectos.

### **B.-15.12.01/CON.- ADXUDICACIÓN DA OBRA DENOMINADA: "RECOLLIDA, TRATAMENTO E VALORIZACIÓN DE RESIDUOS VOLUMINOSOS".**

Visto o expediente de contratación CT 2015/8, denominado "Recollida, Tratamento e Valorización de Residuos Voluminosos".

Visto que na Xunta de Goberno Local de data 15 de setembro de 2015 se aprobou o expediente de contratación mencionado, así como o gasto para realizar a actividade descrita, xunto co prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas e a solicitude de presentación de ofertas a tres empresas.

Visto que solicitadas as ofertas, no prazo para a presentación de proposicións foi rexistrada proposición unicamente pola empresa:

⇒ Utramic, S.L.

Visto que en data 13 de outubro de 2015 se procedeu á apertura das proposicións presentadas para este contrato, tal e como consta na acta da Mesa de contratación,

## Concello de Viveiro



*Dependencia*  
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
62.- MOC

*Documento*

XUNZI0KX

*Expediente*

*Fecha*

04-12-15 14:12

no que se revisou a documentación do sobre N° 1 (documentación administrativa) polos membros integrantes do acto observando que se contiña a documentación esixida nos pregos, procedendo posteriormente á apertura do sobre N° 2, proponiendo como adxudicataria á empresa Utramic, S.L., obtendo 100 puntos, co seguinte resultado:

Oferta da empresa Utramic, S.L.:

Orzamento por cada recollida: 360,00 € + 36,00 € = 396,00 €

Visto que parte da Alcaldía se procedeu ó requerimento á empresa Utramic, S.L. da documentación establecida no artigo 151.2 do TRLCSP, referente ó xustificante de ter constituido a garantía definitiva previa á adxudicación do contrato, por importe do 5% do prezo de adjudicación do contrato, excluído o Imposto sobre Valor Engadido, así como da documentación recollida na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas. Resultando que no expediente, remitido polo Servizo de Contratación, consta a presentación da documentación requerida.

Visto o informe de Secretaría, coas observacións recollidas no mesmo, coa conformidade de Intervención.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Adxudicar o contrato denominado “Recollida, Tratamento e Valorización de Residuos Voluminosos” á empresa Utramic, S.L., con CIF B-15356553, por un prezo total por cada recollida de 360,00 € + 36,00 € = 396,00 €, e cun prazo de tres anos. Esta adxudicación realízase en base ós seguintes argumentos, recollidos no expediente de contratación:

A única oferta presentada foi a da empresa UTRAMIC S.L.

Segundo.- A formalización deste contrato coa empresa adxudicataria levarase a cabo no día 9 de decembro.

Terceiro.- Notificar este acordo ó adxudicatario e publicalo no perfil do contratante, así como remitir anuncio referente á formalización do contrato ó Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Cuarto.- Dar traslado deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, así como ó Servizo de Contratación para a continuidade do expediente ata a súa conclusión.

## Concello de Viveiro



*Dependencia*  
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
62.- MOC

*Documento*

XUNZI0KX

*Expediente*

*Fecha*

04-12-15 14:12

### **5.- APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA.**

#### **A.-15.12.01/X.1.- APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN AO VIVEIRO SD.**

Vista a documentación xustificativa da subvención concedida ao VIVEIRO SD, para o ano 2015, por importe de 6.000,00 euros.

Vista a proposta de aprobación da conta xustificativa da referida subvención, por importe de 6.000,00 euros, con cargo á aplicación 3400-48910 (Subvencións deportes nominativa), presentada polo Concelleiro de Facenda, para financiar os gastos da actividade deportiva para a cal foi concedida a subvención.

Visto o informe favorable da Intervención Municipal.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida ao VIVEIRO SD. para o ano 2015, por importe de 6.000,00 euros, con cargo á aplicación 3400-48910 (Subvencións deportes nominativa), presentada polo Concelleiro de Facenda, para financiar os gastos da actividade deportiva para a cal foi concedida a subvención.

Segundo.- Antes do pago acreditarase por parte da sociedade que está ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que non existen débedas en vía executiva.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ós Departamentos de Intervención e Tesourería para o seu coñecemento e efectos.

#### **B.-15.12.01/X.2.- APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN CULTURAL BÁGOAS DA TERRA.**

Vista a documentación xustificativa do resto da subvención acordada en convenio coa Asociación Cultural Bagoas da Terra, para o ano 2015, e proceder ao abono do resto da subvención, por importe de 1.200,00 euros.

## Concello de Viveiro



*Dependencia*

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
62.- MOC

*Documento*

XUNZI0KX

*Expediente*

*Fecha*

04-12-15 14:12

Resultando que a cantidade restante da subvención concedida por importe de 12.000,00 euros (10.800 euros) xa foi adelantado en concepto de anticipo en data 31 de xullo de 2015.

Vista a proposta de aprobación da conta xustificativa da referida subvención, por importe de 1.200,00 euros, con cargo á aplicación 3400-48906, presentada polo Concelleiro de Facenda, para financiar os gastos da actividades para a cal foi concedida a subvención.

Visto o informe favorable da Intervención Municipal.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa do resto de subvención concedida á Asociación Cultural Bagoas da Terra, para o ano 2015, por importe de 1.200,00 euros, con cargo á aplicación 3400-48906, presentada polo Concelleiro de Facenda, para financiar os gastos da actividade para a cal foi concedida a subvención.

Segundo.- Antes do pago acreditarase por parte da sociedade que está ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que non existen débedas en vía executiva.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ós Departamentos de Intervención e Tesoureria para o seu coñecemento e efectos.

### **6.- RECOÑOCIMIENTO E LIQUIDACIÓN DE OBRIGAS.**

#### **A.-15.12.01/FAC.- APROBACIÓN DE FACTURAS.**

Vista a proposta da Concelleiro de Facenda, D. Jesús Fenández Fernández, coa conformidade da Intervención, que recolle facturas e obrigas, co seguinte listado:

# Concello de Viveiro




Dependencia  
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
62.- MOC

Documento	Expediente	Fecha
XUNZIOKX		04-12-15 14:12

220150015225	ADO		01/12/2015	2015	9200 22604	1.969,28	B15990005 / BUFETE LOIS & LOIS S.L.
22015003297		1.1.15			Xurídicos, contenciosos. Admon. Xeral.	1.969,28	MINUTA Nº 1.1.15-HONORARIOS INTERVENCION RECURSO CONTEN-ADMTVO. 51/2013 - FERNANDO DE SOUSA LOPEZ
220150015226	ADO		01/12/2015	2015	9200 22604	1.969,28	B15990005 / BUFETE LOIS & LOIS S.L.
22015003298		1.2.15			Xurídicos, contenciosos. Admon. Xeral.	1.969,28	MINUTA Nº 1.2.15-HONORARIOS INTERVENCION RECURSO CONTEN-ADMTVO. 79/2013 - SOUSARIAS, S.L.
220150015227	ADO		01/12/2015	2015	9200 22604	1.045,51	B15990005 / BUFETE LOIS & LOIS S.L.
22015003299		1.6.15			Xurídicos, contenciosos. Admon. Xeral.	1.045,51	MINUTA Nº 1.6.15-HONORARIOS INTERVENCION RECURSO CONTEN-ADMTVO. 34/2012 - OSCAR LUIS REGO PRIETO
220150015228	ADO		01/12/2015	2015	9200 22604	363,00	B15990005 / BUFETE LOIS & LOIS S.L.
22015003300		1.8.15			Xurídicos, contenciosos. Admon. Xeral.	363,00	MINUTA Nº 1.8.15-HONORARIOS INTERVENCION RECURSO CONTEN-ADMTVO. 244/2012 - COMUNIDAD PROP. EDIFICIO LITORAL
220150015229	ADO		01/12/2015	2015	9200 22604	363,00	B15990005 / BUFETE LOIS & LOIS S.L.
22015003301		1.9.15			Xurídicos, contenciosos. Admon. Xeral.	363,00	MINUTA Nº 1.9.15-HONORARIOS INTERVENCION RECURSO CONTEN-ADMTVO. 186/2012 - JOSE RAMON GARCIA VIDAL
220150015230	ADO		01/12/2015	2015	9200 22604	605,00	B15990005 / BUFETE LOIS & LOIS S.L.
22015003302		1.11.15			Xurídicos, contenciosos. Admon. Xeral.	605,00	MINUTA Nº 1.11.15-HONORARIOS INTERVENCION RECLAMACION DEREITOS 120/2013 - FRANCISCO PRIETO SIERRA
220150015231	ADO		01/12/2015	2015	9200 22604	605,00	B15990005 / BUFETE LOIS & LOIS S.L.
22015003303		1.12.15			Xurídicos, contenciosos. Admon. Xeral.	605,00	MINUTA Nº 1.12.15-HONORARIOS INTERVENCION RECLAMACION DESPIDO AUTOS 230/2012 - DOLORES GARCIA LIZ
220150015232	ADO		01/12/2015	2015	9200 22604	605,00	B15990005 / BUFETE LOIS & LOIS S.L.
22015003304		1.13.15			Xurídicos, contenciosos. Admon. Xeral.	605,00	MINUTA Nº 1.13.15-HONORARIOS INTERVENCION RECLAMACION INDEFINIDO AUTOS 98/2012 - Mª CARMEN ANTONIA FDEZ. GIZ
220150015233	ADO		01/12/2015	2015	9200 22604	412,55	B15990005 / BUFETE LOIS & LOIS S.L.
22015003305		1.14.15			Xurídicos, contenciosos. Admon. Xeral.	412,55	MINUTA Nº 1.14.15-HONORARIOS INTERVENCION XUIZO VERBAL Nº 615/2012 - ISIDRO FERNANDEZ DE LA CALLE
220150015234	ADO		01/12/2015	2015	1500 22111	59,29	A27025329 / LOPEZ PIGUEIRAS,S.A.
22015003306		2015/1541			Submin. repostos de maqu., ferra e elementos. Obras.	59,29	FRA. 2015/1541 - 50 UD. BARROTE PINO 2500X50X25 M/M PARA A BRIGADA DE OBRAS

# Concello de Viveiro



Dependencia  
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
62.- MOC

Documento	Expediente	Fecha
XUNZIOKX		04-12-15 14:12

220150015235 22015003307	ADO T15 1321	01/12/2015	2015 1320 214 Elementos de transporte.Pol local.	58,39 58,39	B27013234 / TALLERES SAN LAZARO, S.L. FRA. T15 1321 - REPARACIONES NO VEHICULO POL.LOCAL 5200-BZP CONSIST. EN MAN OBRA E CAMBIO MANILLA E BOMBILLA
220150015236 22015003308	ADO FA15-011290	01/12/2015	2015 1650 22111 Subm repostos de maqu ferr e elementos.Alum Público	39,85 39,85	B27193762 / CONSTRUDECO NORTE, S.L. FRA. FA15-011290 - SUMINISTRO DE MATERIAIS DE FERRETERIA PARA O DEPARTAMENTO DE ELECTRICIDADE
220150015237 22015003309	ADO 2015-V-220	01/12/2015	2015 1500 22104 Vestiaro. Obras.	35,14 35,14	B27370840 / PROTECCION LABORAL VILALBA, S.L. FRA. 2015-V-220 SMTRO. DE 18 PARES DE LUVAS E 1 BOTAS AUGA PARA PERSOAL DE OBRAS
220150015238 22015003310	ADO 2015-V-222	01/12/2015	2015 1710 22104 Vestiaro.Parques e Xardins	58,32 58,32	B27370840 / PROTECCION LABORAL VILALBA, S.L. FRA. 2015-V-222 SMTRO. DE 3 PARES LUVA, 3 BUZOS E 3 PARES GAFAS PARA DEPARTAMENTO DE PARQUES E XARDINS
220150015239 22015003311	ADO B5/1161	01/12/2015	2015 1500 214 Elementos de transporte. Obras.	10,29 10,29	A27014877 / NEUMATICOS MIÑOR,S.A. (MICHELIN) FRA. B5/1161 - REPARACION PINCHAZO VEHICULO OBRAS LU-3285-M
220150015240 22015003312	ADO 15R/291	01/12/2015	2015 1710 22111 Subm. repoestos de maqu, ferram . Parques e xardins	5,87 5,87	338171929Q / ATADELL SAN ISIDRO, ELEUTERIO (SUC.CAL GATO) FRA. 15R/232 - 7 TORNILLOS INOX. CON ARANDELA E 1 BALANCIN PARA O PARQUE
220150015241 22015000373	ADO 228458/2015	01/12/2015	2015 1650 210 Infras y bb naturales.Alumeado Público	1.415,58 1.415,58	A33614199 / LA ELECTRICA ALVAREZ-SIRGO, S.A. FRA. 228458/2015 - SUMINISTRO DE MATERIAL ELECTRICO PARA OBRAS MUNICIPAIS
220150015242 22015003313	ADO FA15-011868	01/12/2015	2015 1350 22111 Submi.repostos de maq, ferram e elementos. P.Civil.	48,51 48,51	B27193762 / CONSTRUDECO NORTE, S.L. FRA. FA15-011868 - MATERIAIS DE FERRETERIA PARA PROTECCION CIVIL (LIMPIASALPICADERO, CEPILLO, ELECTRODO, PAVIMENTO
220150015243 22015003314	ADO F136/15	01/12/2015	2015 3400 22601 Atenciones protocolarias y representativas. Deportes	121,39 121,39	G27027028 / ASPANANE (ASOC.DE PAIS DE NENOS E ADOLESCENTES CON NEC.ESPEC FRA. F136/15 - 33 CAMISETAS E 33 IMPRESIONS PARA A "X MARCHA MINAS DA SILVAROSA"

# Concello de Viveiro



*Dependencia*  
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
62.- MOC

<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
XUNZIOKX		04-12-15 14:12

220150015244	ADO	01/12/2015	2015	3400 22601	230,02	G27027028 / ASPANANE (ASOC.DE PAIS DE NENOS E ADOLESCENTES CON NEC.ESPEC
22015003315	F137/15			Atenciones protocolarias y representativas. Deportes	230,02	FRA. F137/15 - 7 PORTAS DE CARLOS V PARA A "X MARCHA MINAS DA SILVAROSA" E 5 PORTAS CARLOS V MEDIANAS PARA CARREIRA POPU
220150015245	ADO	01/12/2015	2015	1500 22104	21,56	G27027028 / ASPANANE (ASOC.DE PAIS DE NENOS E ADOLESCENTES CON NEC.ESPEC
22015003316	F139/15			Vestiario. Obras.	21,56	FRA. F139/15 - 31 IMPRESIONS VESTIARIO OBRAS
220150015246	ADO	01/12/2015	2015	3400 22602	399,30	B27000637 / EL PROGRESO,S.L.
22015003317	11510 704			Publicidade e propaganda. Deportes	399,30	FRA. 704 - ANUNCIO PUBLICITARIO DIA 3 OUTUBRO 2015 EXTRA ESCOLAS DEPORTIVAS
220150015249	ADO	01/12/2015	2015	2310 480	17,55	35623895T / MONTOYA SUAREZ GIL
22015003319	INFORME			Axudas emergencia social. S.Sociais.	17,55	AXUDA ECONOMICA PAGO FRA. DE PRESUPUESTO 560/15 MATERIAL EDUCATIVO PARA FP BASICA POR EMERXENCIA SOCIAL

## Concello de Viveiro



*Dependencia*  
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
62.- MOC

*Documento*  
XUNZIOL3

*Fecha*  
11-12-15 11:06

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e certificacións de obra que antecede, recoñecendo as obrigas que derivan das mesmas.

Segundo.- Dar conta do referido acordo ós Departamentos de Intervención, Tesourería e Servizos Económicos.

### **7.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non existiron asuntos a tratar neste punto da orde do día.

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 17:40 horas do día 01 de decembro de 2015, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu Secretaria dou fe.